Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Festas e mitoloxía relixiosa

A Virxe da Fonte de Santa Cristina

A Fonte de Santa Cristina está no Monte Neme, en Razo, concello de Carballo (A Coruña). Polo visto, hai tempo apareceu alí a imaxe dunha virxe que uns homes intentaron levar nun carrro tirado por bois ata Leiloio. Non houbo maneira; o carro non se moveu do sitio, os bois non podían coa carga, e a imaxe tivo que quedar alí. Pero tempo adiante uns homes de Oza, do mesmo concello de Carballo, atoparon a aimaxe da Virxe e sen ningún contratempo levárona canda eles ata a igrexa parroquial. E alí está, segundo din.

BIBLIOGRAFÍA

OTERO CEBRAL, X. L., O carro en Galicia, Serv. de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo, 1994.